

## **PRESENTÁSE O CONGRESO “AS LINGUAS E CULTURAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: PRESENTE E FUTURO”**

- ***A iniciativa, que terá lugar en Santiago o 21 e 22 de outubro, pretende ser un foro de reflexión sobre os desafíos que afrontan as linguas minoritarias en Europa***
- ***O secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia deu a coñecer o día 26 de setembro os obxectivos e o programa do congreso, coincidindo coa celebración do Día Europeo das Linguas***
- ***“Europa reivindica hoxe a súa diversidade lingüística e, nesta data, Galicia tamén quere poñer en valor o seu idioma propio”, afirmou Anxo Lorenzo***

O responsable de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo, presentou o pasado día 26, en rolda de prensa, o congreso As Linguas e Culturas do Camiño de Santiago de Compostela, que terá lugar na capital de Galicia entre os días 21 e 22 do próximo mes de outubro. O secretario xeral aproveitou a conmemoración do Día Europeo das Linguas, que se celebra desde hai 10 anos cada 26 de setembro, para dar a coñecer o programa e os obxectivos desta iniciativa.

Segundo explicou Anxo Lorenzo, o congreso forma parte dun proxecto amplo que a secretaría xeral, en colaboración con outras institucións de diversos territorios de España e de Europa, está a realizar dentro do programa Cultura 2007-2013 da Unión Europea. Nese marco é onde se insire o congreso, que busca vincular plurilingüismo e diversidade cultural a través dunha das principais referencias vertebradoras de Europa: o Camiño de Santiago.

### **O Día Europeo das Linguas: unha data para poñer en valor o galego**

O congreso, que terá lugar no Museo Pedagóxico de Galicia, pretende ser un foro de reflexión e exposición sobre os desafíos aos que se enfrontan en Europa as linguas minoritarias. Ao fío deste obxectivo, o secretario xeral recordou que “Europa reivindica hoxe a súa diversidade lingüística, e Galicia, como un territorio máis que contribúe a esa rica variedade cultural, ten tamén nesta data un día para poñer en valor o seu idioma propio”.

Para dar a coñecer esa diversidade, en 2001, o Comité de Ministros do Consello de Europa decidiu instaurar o 26 de setembro como o Día Europeo das Linguas. Este ano, segundo explicou Anxo Lorenzo, a secretaría xeral quere unirse á conmemoración desta data e tamén aos obxectivos definidos arredor dela no contexto europeo.

Con este motivo, o secretario xeral quixo lembrar que “a aprendizaxe de idiomas é fundamental no noso tempo e que ademais debemos diversificar a gama de linguas, prestando unha atención prioritaria ao idioma propio de Galicia”. Así mesmo, Anxo Lorenzo afirmou que “a diversidade lingüística constitúe unha riqueza que debemos fomentar e valorar como sociedade europea” e que “cómpre procurar un avance na aprendizaxe permanente de idiomas dentro e fóra dos centros educativos”.

### **O congreso reunirá especialistas en diversas linguas**

A conferencia inaugural do congreso versará sobre o presente e o futuro da lingua galega e correrá a cargo do profesor e académico da lingua galega Xesús Alonso Montero.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O primeiro día tamén terá lugar unha mesa redonda na que participarán representantes de institucións integradas neste proxecto que se dedican á promoción das linguas vasca, bretoa, galega ou aragonesa, para expoñer o modelo deste proxecto de culturas e linguas para a promoción da diversidade lingüística. Así mesmo, o congreso contará coa intervención do profesor da Universidade de Navarra Asier Barandiaran Amarika, que falará das circunstancias do éuscaro en Navarra no contexto europeo.

O segundo día, o profesor Vicent Climent, da Universidade Pompeu Fabra, exporá o estado da diversidade lingüística do planeta. Tamén se desenvolverá unha mesa redonda sobre a promoción das linguas minoritarias desde as institucións rexionais europeas, na que participarán distintos representantes destas institucións.

Ao longo do resto da xornada, especialistas en diferentes linguas exporán as peculiaridades das súas situacións. En concreto, Joelle Ginestet (Université Toulouse-Le Mirail) falará do occitano, Alstair Walker (Universidade de Kiel) presentará a diversidade lingüística en Alemaña; Lena Louarn (Consello Rexional de Bretaña) abordará os retos do bretón e Juan José Segura Malagón (Academia de L'Aragonés) centrarase na proposta ortográfica para esta lingua. Tamén estará presente a Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA) como organismo promotor da diversidade lingüística e cultural europea.

### **As linguas europeas na literatura sobre o Camiño**

A conferencia de clausura correrá a cargo de Javier Gómez Montero (Universidad de Kiel), que falará das linguas europeas na literatura do Camiño de Santiago en Europa. Finalmente, para o peche do congreso realizarase un recital poético plurilingüe da cantiga de Meendiño, que será interpretada en 12 idiomas.

O congreso conta co recoñecemento da Universidade de Santiago de Compostela con 1 crédito de libre configuración e tamén co da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que o asumirá como actividade de formación do profesorado.